



AGROAMB PRODALT, S.L.

Calzada Das Gándaras, 11 Local
Bajo Dcha. (27003) - Lugo (Lugo)

NOTIFICACIÓN da resolución de modificación da autorización para a xestión de residuos

Expedientes núm.: 2008-SC-M-00261 e 2009-SC-M-00232

Técnico: AMB

De conformidade co artigo 58 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícolle que con data de 2 de setembro de 2010 o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ditou a seguinte resolución:

"En relación coa solicitude presentada por **Severiano Ónega Ares**, como representante legal da empresa **AGROAMB PRODALT, S.L.** (CIF: **B-27257666**), con enderezo social en **LG. PONTE DE OUTEIRO, NUM. 7 (27256) - CASTRO DE REI (LUGO)**, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental iniciou o correspondente procedemento tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- O día 18 de maio de 2007 a empresa Agroamb Prodalt S.L. obtivo autorización como xestor de valorización de residuos non perigosos de orixe industrial e urbana cos números de autorización **SC-I-NP-XV-00064** e **SC-U-NP-XV-00040** respectivamente, para a elaboración de fertilizantes.

Segundo.- Os días 29-04-2008 e 13-05-2009 tiveron entrada no Rexistro desta consellería os escritos da devandita empresa solicitando a modificación da autorización para a xestión de residuos.

Terceiro.- De conformidade co disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, no expediente consta:

- O aboamento da correspondente taxa administrativa.
- A constitución das seguintes garantías:
 - Un aval pola contía de douscentos setenta mil douscentos tres euros (**270.203 €**) para a actividade de Xestor de residuos na forma establecida polo Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental co número de resguardo na Caixa Xeral de Depósitos **2151/06**.
- O informe favorable da inspección realizada o 5 de agosto de 2010 polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Lugo.

Cuarto.- O 15 de abril de 2005 a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu a resolución da declaración de efectos ambientais.

Quinto.- Por resolución do 16 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería de Medio Rural autorizase a Agroamb Prodalt como Planta Técnica co número de rexistro ES.27.04.PTEC.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, somete a autorización administrativa previa do órgano autonómico competente en materia de ambiente a actividade que se vai desenvolver.

A lei 25/2009, de 22 de decembro, modifica diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

O Decreto 174/2005, do 9 de xuño, regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos en Galicia e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

O Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, regula a rastrexabilidade dos residuos en Galicia.

O Real Decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é competente para resolver este procedemento de conformidade co establecido no Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Por todo o anterior, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que ten atribuídas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Modificar a autorización como xestor de residuos da empresa **AGROAMB PRODALT, S.L.**, con enderezo social en **LG. PONTE DE OUTEIRO, NUM. 7 (27256) - CASTRO DE REI (LUGO)** e centro de traballo no mesmo enderezo, que figura inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia co número **SC-I-NP-XV-00064**, nos seguintes termos:

Tipo de operacións de valorización e eliminación de residuos (Decisión 96/350/CE, da Comisión)	R3 - Recuperación ou rexeneración de substancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídas as operacións de formación de fertilizante e outras transformacións biolóxicas)
Actividades de xestión	Valorización de residuos orgánicos biodegradables para elaboración de fertilizantes organo-minerais
Descrición do proceso	Estabilización termorreactivada dos residuos mediante adición de cal e residuos alcalinos para a posterior elaboración dun fertilizante
Capacidade de tratamento do centro	72.000 ton/ano de residuos biodegradables e 25.000 ton/ano de residuos alcalinos

Residuos xestionados

LER	Descrición	Estado
030301	Residuos de casca e madeira	ALTA
030310	Refugallos de fibras e lodos de fibras, de materiais de carga e de estucado, obtidos por separación mecánica	ALTA



De modo que a empresa está autorizada para xestionar os seguintes residuos para a elaboración de fertilizantes:

Xestor de valorización de residuos non perigosos de orixe industrial (SC-I-NP-XV-00064)

LER	Descrición
020102 ¹	Residuos de tecidos animais
020103	Residuos de tecidos de vexetais
020106 ¹	Feces de animais, urina e esterco (incluída palla podre) e efluentes recollidos selectivamente e tratados fóra do lugar de onde se xeran
020201 ¹	Lodos de lavado e limpeza
020202 ¹	Residuos de tecidos animais
020203 ¹	Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
020204 ¹	Lodos do tratamento in situ de efluentes
020304	Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
020305	Lodos do tratamento in situ de efluentes
020403	Lodos do tratamentos in situ de efluentes
020501 ¹	Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
020502	Lodos do tratamento in situ de efluentes
020601	Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
020603	Lodos do tratamento in situ de efluentes
020702	Residuos da destilación de alcohois
020704	Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
020705	Lodos do tratamento in situ de efluentes
030105	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 03 01 04
030301	Residuos de casca e madeira
030302	Lodos de lixivias verdes (procedentes da recuperación de lixivias de cocción)
030310	Refugallos de fibras e lodos de fibras, de materiais de carga e de estucado, obtidos por separación mecánica
030311	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 03 03 10
040107	Lodos, en particular os procedentes do tratamento in situ de efluentes, que non conteñen cromo
040220	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos mencionados no código 04 02 19

¹ Salvo o disposto no Regulamento 1774/2002.

LER	Descrición
190502 ¹	Fracción non compostada de residuos de procedencia animal ou vexetal
190605 ¹	Licores do tratamento anaerobio de residuos animais e vexetais
190606 ¹	Lodos de dixestión do tratamento anaerobio de residuos animais e vexetais
190812 ¹	Lodos procedentes do tratamento biolóxico de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 11
190814 ¹	Lodos procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 13

Xestor de valorización de residuos non perigosos de orixe urbana (SC-U-NP-XV-00040)

LER	Descrición
190501	Fracción non compostada de residuos municipais e asimilados
190603	Licores do tratamento anaerobio de residuos municipais
190604	Lodos de dixestión do tratamento anaerobio de residuos municipais
190805	Lodos do tratamento de augas residuais urbanas
200201	Residuos biodegradables
200301	Mesturas de residuos municipais
200302	Residuos de mercados
200304	Lodos de fosas sépticas

Esta modificación da autorización outórgase sen prexuízo das demais autorizacións ou licencias esixibles polo ordenamento xurídico, e queda suxeita ao cumprimento das seguintes

CONDICIÓNS

Primeira.- *Condicionantes xerais.*

A empresa deberá cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades autorizadas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

¹ Salvo o disposto no Regulamento 1774/2002.



Segunda.- *Presentación de información.*

A empresa deberá presentar, segundo o modelo oficial, unha memoria anual de actividades antes do 1 de marzo.

Ademais deberá presentar, nun prazo de 6 meses dende o outorgamento da presente modificación de autorización, o certificado da inscrición no rexistro de produtos fertilizantes do compost producido por parte da *Dirección General de Recursos Agrícolas y Ganaderos*, pertencente ao *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*.

Terceira.- *Libro de rexistro descriptivo da actividade.*

A empresa deberá levar un rexistro documental no que consten os datos relativos á orixe dos residuos, cantidade, natureza, código de identificación, etc. segundo o establecido no artigo 10 do Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

Cuarta.- *Control da rastrexabilidade dos residuos.*

As entregas dos residuos entre produtor e xestor e entre estes últimos deberán realizarse de conformidade coas prescricións contidas no devandito decreto.

Quinta.- *Xestión de rexeitamentos do proceso.*

A empresa só poderá enviar a vertedoiros as fraccións non valorizables en Galicia. E deberá entregar as fraccións reciclables a xestores autorizados para o seu tratamento.

Os rexeitamentos susceptibles de ser autorizados como materia prima secundaria poderán considerarse como subproduto logo do pronunciamento favorable expreso da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Sexta.- *Materias primas de orixe animal*

As materias primas de orixe animal utilizadas na elaboración de produtos fertilizantes deberán, en todo caso, cumprir cos requisitos previstos no *Regulamento CE 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello do 3 de outubro de 2002 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano e no RD 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano*.

Sétima.- *Desenvolvemento da actividade.*

A autorización está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas no proxecto que se presentou no seu día.

Oitava.- *Condición específica da actividade de elaboración de fertilizantes.*

Non se aceptarán nas instalacións de elaboración de produtos fertilizantes residuos que, polas súas características non permitan obter, co tratamento previsto, un produto final que cumpra cos criterios indicados no RD 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, polo que previamente á súa aceptación deberán coñecerse as características dos mesmos.

O produto fertilizante obtido non superará o tempo de almacenamento previsto na normativa que lle sexa de aplicación e, en todo caso, transcorridos dous anos dende o almacenamento, se non foi comercializado deberá entregarse a xestor autorizado como residuo.

A empresa debe cumprir coas condicións impostas pola *Dirección General de Recursos Agrícolas y Ganaderos*, pertencente ao *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino* para a comercialización dos produtos obtidos.

No caso de que o fertilizante non cumpra coas especificacións do Real Decreto 824/2005 para ser comercializado, este pasará a ter a consideración de residuo non perigoso, polo que a súa xestión final deberá ser realizada por un xestor autorizado.

Novena.- Mantemento das garantías.

Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas en todo momento as garantías esixidas para o seu outorgamento.

Décima.- Condicións ambientais.

No desenvolvemento da actividade a empresa deberá cumprir os termos especificados na declaración de efectos ambientais de data de 15 de abril de 2005.

En todo caso, deberán enviar a esta Secretaría Xeral e coa periodicidade indicada na DEA os resultados do programa de vixilancia e seguimento ambiental. Prestarán especial atención:

- Ao plan de control da calidade do solo e das augas subterráneas.
- Ao plan de control do nivel de presión sonora.
- Ao plan de control do nivel da produción de malos olores.
- Ao plan de control da estanqueidade das balsas e/ou dos depósitos que vaian conter lodos ou produtos procedentes destes, así como da canle de recollida de lixiviados.
- Co fin de controlar a calidade das augas subterráneas manteranse os pozos piezométricos que permitan o control augas arriba e augas abaixo do emprazamento.

Décimo primeira.- Vixencia da autorización.

As autorizacións modificadas estarán vixentes ata o **18 de maio de 2012**, e serán renovadas automaticamente por períodos sucesivos de cinco anos.

Décimo segunda.- Modificacións da actividade.

Calquera modificación da actividade obxecto da autorización deberá ser comunicada a este centro directivo no prazo máximo dun mes desde a data en que se produza.

Décimo terceira.- Consecuencias do incumprimento da autorización.

O incumprimento dos termos da autorización ou da normativa de aplicación poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Décimo cuarta.- Causas de revogación da autorización.

A autorización poderá revogarse, logo da correspondente tramitación do procedemento con audiencia ao interesado, nos seguintes supostos:

- Renuncia dos interesados.
- Incumprimento das obrigas previstas no capítulo III do Decreto 174/2005, do 9 de xuño.
- Incumprimento dos requisitos que deron lugar á autorización.
- Falla da comunicación das modificacións producidas respecto dos datos do rexistro.
- Falsidade constatada nos datos facilitados á Administración.
- Como sanción accesoria no suposto da comisión de infraccións graves ou moi graves, segundo o artigo 65 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada perante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 6 de Setembro de 2010

Rubén García Cabana
Xefe da Sección de Rexistro de Residuos

